



MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE **FRONTE Á COVID-19**

MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA A TRANSMISIÓN:

- 1) Non poderán acceder ao local da A.C.F. O fiadeiro ou locais adscritos a esta asociación, aquelas persoas con sintomatoloxía compatible coa COVID-19, aquelas diagnosticadas coa enfermidade e que non finalizaran o período de illamento requirido, ou as que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter estado en contacto con algunha persoa con sintomatoloxía ou diagnosticada de COVID-19.
- 2) No caso de ser positivo para a COVID-19, prégase a súa notificación pola saúde de todos os membros da asociación.
- 3) Ás aulas só poderán asistir o alumnado, mestres e membros da agrupación da A.C.F. O Fiadeiro e acompañantes de persoas que precisen de asistencia, facendo sempre uso obrigatorio de máscara. Os cativos serán recibidos e recollidos no exterior do local.
- 4) Son fundamentais as principais medidas de prevención da transmisión:
 - a. Hixiene de mans de xeito frecuente e meticuloso, durante polo menos 40 segundos. Será obrigatorio o uso de xel hidroalcohólico ao entrar no local ou locais adscritos da A.C.F. O fiadeiro.
 - b. Uso obrigatorio de máscara cubrindo nariz e boca.
 - c. Sempre que sexa posible, manter o distanciamento social.
 - d. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- 5) Material e instrumentos. Durante as clases, ensaios ou actuacións recoméndase non compartir material ou instrumentos. O material deberá ser persoal. No caso excepcional de que se empreguen instrumentos da asociación, deberán ser correctamente hixienizados tras a súa utilización. Para iso, a asociación poñerá a disposición de todos os usuarios o material desinfectante.
- 6) Entradas e saídas. A entrada e saída das aulas e do local da A.C.F. O fiadeiro realizarase un a un, esperando o turno para entrar/saír mantendo sempre a distancia interpersoal de seguridade. Non estará permitido esperar a que comece a clase/ensaio nas zonas comúns do local.
- 7) Uso dos baños. Durante a utilización dos servizos seguirá sendo fundamental o mantemento da distancia de seguridade interpersoal e a utilización de máscara.
- 8) Tempo entre clases/ensaios. Coa fin de garantir a limpeza e ventilación entre os usos das aulas, establecerase un mínimo de 10 minutos entre actividades, tempo durante o cal se procederá á ventilación e desinfección do espazo.
- 9) Aire acondicionado/papacheiros. Só o papacheiros poderá ser empregado e o seu uso queda restrinxido aos momentos nos que as aulas estean baleiras para facilitar a ventilación entre actividades.
- 10) Ensaios/clases de baile.
 - a. Aconséllase o uso de toallas persoais para evitar espallar gotiñas de suor.
 - b. Os obxectos persoais e a roupa de cambio deberán depositarse coa suficiente distancia uns dos outros, sen mesturarse.

11) Actuacións.

- a. Será de obrigatoriedade a utilización de máscara no transporte, ben sexa autobús ou coches particulares.
- b. Nos casos en que sexa imprescindible empregar vestiario da asociación, asignarase un vestiario a cada participante para toda a tempada, evitando deste xeito, compartir roupa na medida do posible. De non ser o caso, deixarase a roupa no local e poñerase en "corentena".
- c. Aconséllase non compartir lazos, laca, cosméticos, gomas, peines e demais útiles persoais.
- d. As botellas de auga serán de uso persoal e deberán ser marcadas con algún tipo de sinal identificativo.
- e. As máscaras a empregar durante a actuación serán proporcionadas pola A.C.F. O fadeiro de maneira presencial ao comezo da mesma, sempre que o formato o requira.
- f. No momento dos pinchos (si é que os hai) recoméndase respetar a distancia interpersoal de 1,5 m.V.

EXCEPCIÓNS AO USA DA MÁSCARA:

O uso de máscara é obrigatorio en todo momento agás nos seguintes casos:

- Cando sexa contraproducente por motivos de saúde.
- Os intérpretes de instrumentos de vento poderán quitar a máscara só no momento da súa intervención, mantendo sempre a distancia de seguridade.
- No caso de grupos de pandereteiras e pandereteiros poderán cantar sen máscara sempre e cando manteñan a distancia de seguridade.

O cumprimento destas medidas será labor de todos e cada un de nós. A saúde de todos e todas está en xogo.